MT-B3.4	4º-MTB3.4.1 - Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais coma figuradas.	Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.</p>	CMCT CAA CSC
<b>Bloque 4: Xeometría</b>							
MT-B4.1	4º-MTB4.1.1 - Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus	Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p>	CMCT CAA

	lados e entre ángulos					INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.	
MT-B4.1	4º-MTB4.1.2 - Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.				X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CMCT CD
MT-B4.2	4º-MTB4.2.1 - Clasifica cuadriláteros atendendo ao paralelismo dos seus lados.	Clasifica cuadriláteros atendendo ao paralelismo dos seus lados.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.	CMCT CAA
MT-B4.2	4º-MTB4.2.2 - Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio e diámetro.	Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio e diámetro.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.	CMCT CAA
MT-B4.3	4º-MTB4.3.1 - Identifica e nomea polígonos atendendo o número de lados.	Identifica e nomea polígonos atendendo o número de lados.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.	CMCT CAA

MT-B4.3	4º-MTB4.3.2 - Recoñece e identifica poliedros, prismas, pirámides e os seus elementos básicos: vértices, caras e arestas.	Recoñece e identificaalgúns poliedros, prismas, pirámides e os seus elementos básicos: vértices, caras e arestas.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.</p>	CMCT CAA
MT-B4.3	4º-MTB4.3.3 - Recoñece e identifica corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.	Recoñece e identifica corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.</p>	CMCT CAA
MT-B4.4	4º-MTB4.4.1 - Representa a escola, o barrio ou a aldea mediante un plano ou esbozo.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CMCT CAA CSC
MT-B4.5	4º-MTB4.5.1 - Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construindo,	Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.</p>	CMCT CAA CSIEE



	argumentando e tomando decisión.						
MT-B4.5	4º-MTB4.5.2 - Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto, propoñendo outras formas de resolvelo.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	CMCT CAA
<b>Bloque 5: Estatística e probabilidade</b>							
MT-B5.1	4º-MTB5.1.1 - Identifica datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Caderno de clase.</p>	CMCT CAA
MT-B5.2	4º-MTB5.2.1 - Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	CMCT, CAA

## TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

<b>CURSO</b>	Primaria Solanas 2022/2023		
<b>NIVEL</b>	4º PRIMARIA	<b>ÁREA</b>	Valores Sociais e Cívicos (VSC)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área  Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
<b>Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa</b>							
VSC-B1.1	4º-VSCB1.1.1 - Expresa a percepción da súa propia identidade relacionando a representación que fai de un mesmo e a imaxe que expresan das demais persoas.		X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. Caderno de clase.	CSC CCL
VSC-B1.1	4º-VSCB1.1.2 - Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitacións.	Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitacións.				PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC CCL CAA
VSC-B1.2	4º-VSCB1.2.1 - Razona o sentido do compromiso	Razona o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CSC CCL

	respecto a un mesmo e ás demais persoas.	demais persoas.				Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. Caderno de clase.	CSIEE
VSC-B1.2	4º-VSCB1.2.2 - Actúa de forma respectable e digna.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC CSIEE
VSC-B1.3	4º-VSCB1.3.1 - Reflexiona, sintetiza e estrutura os seus pensamentos.	Reflexiona, sintetiza e estrutura os seus pensamentos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. Caderno de clase.	CAA
VSC-B1.3	4º-VSCB1.3.2 - Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva, de xeito guiado, sobre situacións da súa realidade.	Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva, de xeito guiado, sobre situacións da súa realidade.	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CAA
VSC-B1.3	4º-VSCB1.3.3 - Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e a resolución de conflitos, de xeito guiado.	Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e a resolución de conflitos, de xeito guiado.	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CSC CSIEE

VSC-B1.3	4º-VSCB1.3.4 - Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.	Expresa os seus sentimentos e respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	CSC CSIEE CCL
VSC-B1.4	4º-VSCB1.4.1 - Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.	Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	CSC CSIEE
VSC-B1.4	4º-VSCB1.4.2 - Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	CSC CSIEE
VSC-B1.4	4º-VSCB1.4.3 - Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.	Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	CSC CSIEE CAA
VSC-B1.5	4º-VSCB1.5.1 - Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación.	Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CSC CSIEE
VSC-B1.5	4º-VSCB1.5.2 - Emprega estratexias para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao	Emprega estratexias para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos</p>	CSC CSIEE

	fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.	fracaso.				alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CAA
VSC-B1.6	4º-VSCB1.6.1 - .Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación.	Participa na resolución de problemas.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CSC CSIEE
VSC-B1.6	4º-VSCB1.6.2 - Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais.				X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CSC CSIEE CCEC
VSC-B1.6	4º-VSCB1.6.3 - Define e formula claramente problemas de convivencia.	Define e formula claramente problemas de convivencia.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CSC CSIEE
VSC-B1.7	4º-VSCB1.7.1 - Sopesa as consecuencias das súas accións.	Sopesa as consecuencias das súas accións.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CSC CSIEE
VSC-B1.7							

Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais	Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais	Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais	Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais	Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais	Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais	Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais	Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais
VSC-B2.1	4º-VSCB2.1.1 - Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións	Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL CSC CSIEE
VSC-B2.1	4º-VSCB2.1.2 - Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL CSC
VSC-B2.1	4º-VSCB2.1.3 - Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais.	Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL CSC CAA

VSC-B2.1	4º-VSCB2.1.4 - Expón respectuosamente os argumentos.	Expón respectuosamente os argumentos	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	CCL CSC
VSC-B2.2	4º-VSCB2.2.1 - Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.					<p>PROCEDEMENTOS:</p> <p>INSTRUMENTOS:</p>	CCL CSC
VSC-B2.2	4º-VSCB2.2.2 - Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.	Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CCL CSC CSIEE
VSC-B2.2	4º-VSCB2.2.3 - Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	CAA CSIEE CSC CCL
VSC-B2.3	4º-VSCB2.3.1 - Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación e facilitar o achegamento co seu interlocutor nas conversas.	Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación e facilitar o achegamento co seu interlocutor nas conversas.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	CCL CSC

VSC-B2.3	4º-VSCB2.3.2 - Aмоса interese polos seus interlocutores.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	CCL CSC
VSC-B2.4	4º-VSCB2.4.1 - Expresa abertamente as propias ideas e opinións.	Expresa abertamente as propias ideas e opinións.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	CCL CSC CSIEE
VSC-B2.4	4º-VSCB2.4.2 - Emprega a linguaxe positiva.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	CCL CSC
VSC-B2.5	4º-VSCB2.5.1 - Relaciona diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.	Relaciona diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CCL CSC CAA
VSC-B2.6	4º-VSCB2.6.1 - Emprega diferentes habilidades sociais.	Emprega diferentes habilidades sociais.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. Caderno de clase.</p>	CSC
VSC-B2.6	4º-VSCB2.6.2 - Participa activamente en actividades grupais e		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p>	CSC CSIEE



	reflexiona sobre a súa contribución á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.						INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	
VSC-B2.7	4º-VSCB2.7.1 - Respecta e acepta as diferenzas individuais.	Respecta e acepta as diferenzas individuais.	X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. Caderno de clase.	CSC
VSC-B2.7	4º-VSCB2.7.2 - Recoñece, identifica e expresa as calidades doutras persoas.		X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. Caderno de clase.	CSC
VSC-B2.8	4º-VSCB2.8.1 - . Forma parte activa das dinámicas do grupo.	Forma parte activa das dinámicas do grupo.	X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC CSIEE
VSC-B2.8								
<b>Bloque 3: A convivencia e os valores sociais</b>	<b>Bloque 3: A convivencia e os valores sociais</b>	<b>Bloque 3: A convivencia e os valores sociais</b>	<b>Bloque 3: A convivencia e os valores</b>	<b>Bloque 3: A convivencia e os valores</b>	<b>Bloque 3: A convivencia e os valores</b>	<b>Bloque 3: A convivencia e os valores sociais</b>		<b>Bloque 3: A convivencia e os valores</b>

			s sociais	s sociais	s sociais		sociais
VSC-B3.1	4º-VSCB3.1.1 - Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC CSIEE
VSC-B3.1	4º-VSCB3.1.2 - . Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC CSIEE
VSC-B3.2	4º-VSCB3.2.1 - Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CAA CSIEE CSC
VSC-B3.2	4º-VSCB3.2.2 - Emprega axeitadamente estratexias de axuda entre iguais.					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CAA CSIEE CSC
VSC-B3.2	4º-VSCB3.2.3 - Respecta as regras durante o traballo en equipo.					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC

VSC-B3.2	4º-VSCB3.2.4 - Emprega destrezas de interdependencia positiva.					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC CSIEE CAA
VSC-B3.3	4º-VSCB3.3.1 - Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CCL CSC
VSC-B3.3	4º-VSCB3.3.2 - Participa na elaboración das normas da aula.					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CCL CSC CSIEE
VSC-B3.3	4º-VSCB3.3.3 - Respecta as normas do centro escolar.					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC
VSC-B3.4	4º-VSCB3.4.1 - Resolve os conflitos de modo construtivo, con axuda dunha persoa adulta.					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC CSIEE
VSC-B3.4	4º-VSCB3.4.2 - Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e					PROCEDEMENTOS:	CSC CCL

	intencións nas relacións interpersoais.					INSTRUMENTOS:	
VSC-B3.4	4º-VSCB3.4.3 - Analiza as emocións, sentimentos e posibles pensamentos das partes en conflito.					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC CSIEE
VSC-B3.5	4º-VSCB3.5.1 - Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC CCL
VSC-B3.5	4º-VSCB3.5.2 - Xustifica a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda.					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC
VSC-B3.5	4º-VSCB3.5.3 - . Razona as consecuencias da explotación infantil e a trata de nenos e nenas					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC CSIEE
VSC-B3.6	4º-VSCB3.6.1 - Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes.					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC CCL
VSC-B3.6	4º-VSCB3.6.2 - Razona a valoración de situacións reais expostas en					PROCEDEMENTOS:	CSC CCL CD

	internet, en relación aos dereitos da infancia.					INSTRUMENTOS:	
VSC-B3.6	4º-VSCB3.6.3 - Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC CCEC CCL CD CMCT CSIEE
VSC-B3.7	4º-VSCB3.7.1 - Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC CCL
VSC-B3.7	4º-VSCB3.7.2 - Realiza traballos de libre creación investigando casos de falta de corresponsabilidade no coidado da familia presentados nos medios de comunicación.					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC CD CCL CCEC CSIEE

VSC-B3.8	4º-VSCB3.8.1 - Aмоса interese pola natureza que o rodea e séntese parte integrante dela.					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC
VSC-B3.8	4º-VSCB3.8.2 - Razoа os motivos da conservación dos bens naturais.					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC CCL
VSC-B3.8	4º-VSCB3.8.3 - Propón iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos.					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC CSIEE
VSC-B3.9	4º-VSCB3.9.1 - Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC CSIEE
VSC-B3.9	4º-VSCB3.9.2 - Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías.					PROCEDEMENTOS:  INSTRUMENTOS:	CSC CD CAA

## 4-B.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIREN AS MATERIAS

- Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.
- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.
- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, organizamos a súa práctica de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.
- A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.
- Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.
- Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.
- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

## 5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais e recursos seleccionaranse en base ós seguintes criterios:

- Adecuación ao contexto do centro
- Correspondencia cos obxectivos
- Progresión dos contidos e obxectivos
- Adecuación aos criterios de avaliación
- Variedade das actividades
- Claridade e amenidade gráfica e expositivas
- Atención á diversidade
- Contribución ó desenvolvemento das competencias básicas

Dentro dos recursos que se van utilizar no desenvolvemento desta proposta destacan as seguintes:

a) Recursos humanos: profesores, familia e sociedade.

b) Recursos materiais que podemos clasificalos en:

- Obxectos do contorno: produtos naturais (rochas, plantas, animais...), materiais de refugallo, material funxible, utensilios (tesoiras, punzóns...), maquetas, modelos, xogos didácticos...
- Recursos impresos: libros de texto, contos, libros de consulta, fichas de reforzo, ampliación, repaso e propostas de avaliación de cada unidade, tanto as propias da editorial como as elaboradas pola mestra.
- Murais, láminas, periódicos, revistas, fichas de rexistro, guías...
- Audiovisuais: reprodutor DVD, vídeo, TV, CD, plataformas dixitais...
- Informáticos: ordenadores, canón de imaxes, encerado dixital, DVD, internet, Tablet, e-book, libros dixitais...
- Recursos do profesor: guías didácticas, adaptacións, libros de actividades de apoio e ampliación, libros dixitais, webs educativas.



## LIBROS DE TEXTO PARA ESTE AÑO:

4º EP.	L. GALEGA	SABER FACER CONTIGO, OBRADOIRO SANTILLANA,	978-8468029566
4º EP.	L. CASTELÁ	LENGUA SABER HACER, SANTILLANA	
4º EP.	MATEMÁTICAS	MATEM. SABER HACER, SANTILLANA,	9788483056097
4º EP.	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS 4, OBRADOIRO, SANTILLANA	
4º EP.	CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS DA NATUREZA 4, OBRADOIRO, SANTILLANA	

## 6. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

### MATEMÁTICAS

- Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.
- Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.
- Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionar información relevante en internet ou en outras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións.
- Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.
- Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.
- Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.
- Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.
- Seleccionar e utilizar instrumentos e unidades de medida usuais, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, peso/masa, capacidade e tempo, en contextos reais.

- Operar con diferentes medidas de lonxitude, peso/masa, capacidade e tempo.
- Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.
- Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.
- Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.
- Identificar figuras planas e corpos xeométricos, nomeando e recoñecendo os seus elementos básicos (ladros, vértices, caras, arestas e ángulos).
- Coñecer e distinguir a circunferencia e o círculo, así como os seus elementos básicos.
- Coñecer e diferenciar os poliedros e os corpos redondos, así como os seus elementos básicos.
- Saber o que é un ángulo e as clases de ángulos.
- Interpretar representacións espaciais (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.
- Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.
- Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.

### **LINGUA GALEGA:**

- Estima a lingua de Galicia e úsaa como canle de transmisión das súas propias experiencias en todas as situacións de comunicación.
- Participa en situacións de comunicación relacionadas coa actividade escolar (actividades en grupo, assembleas, debates, coloquios...) respectando as normas elementais que fan posible a comunicación
- Comprende o senso global de mensaxes orais de uso habitual e distingue as ideas principais e secundarias.

- Memoriza, reproduce e representa textos orais (poemas, cancións, adiviñas, trabalinguas...), empregando a pronuncia, o ritmo e a entoación adecuadas.
  - Produce textos orais (contos, relatos, exposicións, explicacións sinxelas...) adecuados á intención comunicativa, empregando as formas básicas da lingua oral (pronunciación, ritmo, entoación, vocabulario...), así como aspectos verbais.
  - Capta o senso global de textos escritos de uso habitual (informativos, literarios...) e resume as principais ideas.
  - Le textos máis complexos ca en 3º, empregando coñecementos elementais sobre a lingua escrita e procedementos elementais para resolver dúbidas de comprensión.
  - Valora positivamente o texto escrito como instrumento de comunicación e como fonte de pracer e de información. E manifesta preferencias na selección de lecturas e expresa as propias opinións sobre elas.
  - Redacta textos escritos de diferente tipo (descricións, narracións, diálogos, poemas, cartas, informes...), empregando a estrutura textual correspondente e utilizando os procedementos básicos que dan cohesión ao texto (usar nexos, manter o tempo verbal, puntuar adecuadamente...).
  - Comprende e produce mensaxes orais ou escritas nas que se integren os distintos códigos, verbais e non verbais.
- Distingue usos racistas, sexistas e estereotipados en conversas, audicións, contos e imaxes, e introduce as autocorreccións pertinentes ao respecto.

### LINGUA CASTELÁ

- Lee textos con articulación, ritmo, fluidez, expresividade y seguridade necesarios. Expresa sus opinións sobre los textos leídos y manifiesta gustos personales.
- Escribe de manera correcta y coherente diversos tipos de textos: narraciones, descripciones, informes sencillos..., empleando los procedimientos adecuados para estructurarlos (nexos, signos de puntuación, etcétera).
- Utiliza la adecuada ortografía de la palabra y de la oración, empleando diferentes recursos para la auto-corrección (relectura, consulta do diccionario, etcétera).

- Participa en situaciones de comunicación relacionadas con la actividad escolar (diálogos, coloquios, entrevistas, etcétera), respetando las normas que facilitan el intercambio, adecuando la expresión a la intencionalidad y al contexto, valorando lo que se dice con cierta actitud crítica.
- Transmite y pide información (en exposiciones, argumentaciones, coloquios, etcétera).
- Distingue las ideas principales de las secundarias en discursos orales y resume las más importantes, de forma ordenada.
- Expresa oralmente hechos, sentimientos y experiencias de forma correcta y coherente, con la entonación, articulación y ritmo adecuados, y con el vocabulario y las estructuras pertinentes: concordancias, adjetivación, comparaciones, etcétera.
- Comprende el sentido global de textos escritos de uso habitual, las ideas que exponen y las relaciones que se establecen entre ellas.
- Identifica y resume los elementos esenciales en textos escritos, literarios y no literarios (personajes, ambiente, argumento, diálogo, descripciones, narraciones, etcétera).
- Utiliza diferentes estrategias para la comprensión de discursos orales y textos escritos, y para la resolución de dudas (preguntar, avanzar y retroceder, consultar el diccionario, etcétera).
- Interpreta y transmite mensajes que combinan códigos verbales y no verbales (movimiento corporal, gráfico, musical, etcétera) en narraciones orales y escritas, dramatizaciones, carteles, etcétera.
- Utiliza de forma habitual la lectura con diferentes fines: diversión, gozo, información, resolución de problemas, enriquecimiento cultural, etcétera.
- Usa mensajes que incluyen las formas lingüísticas adecuadas para mejorar la convivencia, para expresar la creatividad, el conocimiento personal y del entorno, en coloquios, asambleas de clase, en el periódico escolar, etcétera.
- Construye mensajes orales y escritos de modo personal y creativo.
- Identifica los usos de la lengua reconociendo algunas estructuras gramaticales sencillas (tipos de discurso: narrativo, descriptivo, poético, etcétera; el texto y la oración, el nombre, el adjetivo, el verbo, etcétera), y valorando la importancia de respetar reglas y convenciones establecidas.
- Reflexiona sobre usos inaceptables de la lengua como vehículo de prejuicios clasistas, racistas, etcétera, tras la audición o lectura de textos publicitarios, de historietas, cuentos, narraciones, comentario de películas, etcétera.

- Auto-corrige su expresión para evitar expresiones racistas, clasistas, sexistas. Regula el trabajo mediante el lenguaje oral y escrito, realizando planes de trabajo, esquemas, resúmenes, notas recordatorias, etcétera.
- Consulta diferentes recursos: monografías, enciclopedias, etcétera, para obtener información.

### **CIENCIAS DA NATUREZA:**

- Recopila información sobre as características observables e regulares dos obxectos, animais e plantas da localidade e da comunidade autónoma, seguindo criterios e pautas de observación sistemática.
- Identifica e clasifica animais e plantas segundo criterios científicos.
- Compara ciclos vitais entre organismos vivos.
- Identifica fontes de enerxía comúns e procedementos e máquinas para obtela.
- Nomea máquinas sinxelas e máquinas complexas.
- Compara métodos de comunicación antigos e actuais.
- Analiza as partes principais de obxectos e máquinas, as funcións de cada unha delas e planifica e realiza un proceso sinxelo de construción dalgún obxecto. Mostra actitudes de cooperación no traballo en equipo e o coidado pola seguridade.
- Manexa con soltura sinxelos dispositivos, máquinas e aparellos, empregando os operadores máis adecuados en cada caso.

### **CIENCIAS SOCIAIS:**

- Identifica e describe os principais usos que facemos as persoas dos recursos naturais (aire, terra e auga), sinalando vantaxes e inconvenientes.
- Usa adecuadamente as nocións espaciais e a referencia aos puntos cardinais para describir, localizar e relacionar a situación de si mesmo e a dos obxectos no espazo e no tempo.
- Describe as relacións de necesidade e complementariedade entre os distintos traballos, públicos e domésticos, da localidade e da comunidade autónoma.
- Identifica e describe os principais elementos que configuran a paisaxe da localidade, a comarca e os da comunidade autónoma (situación, relevo, augas, clima, vexetación, fauna, agrupamentos de poboación e principais vías de comunicación), para situarse e localizar feitos e acontecementos.

- Ordena temporalmente os feitos históricos máis relevantes ocorridos no último século na localidade e na comunidade autónoma referidos á evolución da vivenda, o traballo, o transporte e os medios de comunicación, utilizando as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade (antes, durante, despois, etc.).
- Mostra interese por coñecer os modos de vida e as manifestacións artísticas e culturais de épocas pasadas.
- Describe cambios que se produciron nunha localidade ao longo do tempo e localízaos en fontes históricas que hai na súa localidade.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Os criterios van a ser de cualificación cualitativa en función da superación dos contidos mínimos esixidos para cada unidade didáctica desenvolvida no trimestre a avaliar. Así mesmo, ao fin do curso valorarase tanto os resultados obtidos coma a evolución levada a cabo durante o curso.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS UTILIZADOS	VALORACIÓN
Realización das tarefas na aula Organización e coidado material Presentación e adecuación das tarefas	Caderno /Rexistro actividades na clase Rexistro de organización e coidado de material Rúbricas	10%
Realización de tarefas na casa Presentación das tarefas feitas na casa	Rexistro de entrega de tarefas Rexistro da presentación das tarefas	10%
Valoración de actitudes na aula: Participación Esforzo Cooperación e colaboración	Rexistro de participación Rexistro de actitude no traballo en grupo	10%
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade	Realización de probas escritas ao final de cada unidade	70%

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

No proceso de avaliación continua, a cualificación das áreas será establecida pola mestra ou mestre que as imparta e se decidirá tendo en conta o progreso do alumno no conxunto da área.

Ao final de cada período establecido adoptarase a decisión sobre o grao de adquisición e desenvolvemento das competencias clave así como da consecución dos obxectivos e estándares de aprendizaxe. Tendo isto en conta, as cualificacións (nunha escala de 10 indicadores), serían:

- Suficientemente adquiridos (SU): un mínimo de 5 indicadores superados.
- Ben adquiridos (BE): un mínimo de 6 superados.
- Adquiridos de forma notable (NOT), un mínimo de 7 superados.
- Plenamente adquiridos (SB): superados os 9 ou 10 indicadores.

Segundo a orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa primaria en Galicia,

· Nota media de promoción: Art. 5, pto. 2: “A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima, e en caso de equidistancia, á superior”.

#### • **PROMOCIÓN DO ALUMNO/A**

Para a promoción a 5º o alumnado só poderá ter dúas materias suspensas. Con tres ou mais materias suspensas considerase que non promocionará e permanecerá un ano mais en 4º de Ed. Primaria

## 7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Teranse en conta os seguintes indicadores:

- A medida en que foron conseguidos os obxectivos.

- Interese e motivación que despertou entre os alumnos/as.
- Se se conseguiu respectar o ritmo de aprendizaxe dos distintos alumnos/as.
- Se os erros, bloqueos e dificultades detectadas foron os esperados.
- Se a intervención do profesor/a condicionou e dirixiu o traballo do alumnado.
- Aspectos a mellorar.
- Propostas de modificación.

## 8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN

Despois da avaliación inicial deseñarán se unha serie de actividades de diferente natureza que servirán para o seguimento do progreso do alumnado a través das diferentes actividades levadas a cabo na aula. As actividades de recuperación partirán dos contidos que quedaron sen adquirir no curso anterior e –se as houberse- de contidos presentes en algunhas materias pendentes por parte do alumnado.

Con este fin e segundo o ritmo de aprendizaxe de cada alumno, atendendo ao principio de progresividade ao longo do curso, e de acordo co marco de autonomía pedagóxica e organizativa, e tal e como figura no decreto 105/2014 do 4 de Setembro polo que se establece o currículo de educación primaria, as pautas e os criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares realizarase de xeito que entronque co adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado.

Tentarase que estas tarefas extraescolares, teñan –na medida do posible e razoable- un adecuado encaixe na vida das familias, facilitando a súa participación activa no proceso de ensino-aprendizaxe e unha adecuada conciliación na vida persoal e familiar con respecto aos tempos de lecer do alumnado.

Para o control das tarefas realizarase un caderno de control/cotexo onde a mestra irá anotando diariamente, na medida do posible, a realización das mesmas por parte de cada neno/a. Este caderno diferenciará materias e actividades.

## 9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

Ao comezo de cada curso e durante o primeiro mes escolar, realizarase unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de



aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais do curso anterior e completaráse máis adiante coa información obtida das familias nas entrevistas persoais.

Esta avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Partindo do resultado da avaliación inicial, podemos atoparnos :

- Alumnas/os con pequenas diferenzas : poden solucionarse con traballo individualizado ou traballo en equipo dentro da aula con fichas de reforzo ou ampliación segundo o caso.
- Alumnas/os con problemas de aprendizaxe nunha ou máis áreas: sería necesaria a intervención do profesorado especializado (PT, AL) en coordinación cos demais profesores/as. Sería necesario facer uso dunha metodoloxía específica, material didáctico complementario e posiblemente a organización de grupos de traballo flexibles.
- Alumnas/os con dificultades relevantes: o Departamento de Orientación avaliará e diagnosticará a necesidade dunha adaptación curricular da que dependerá o maior ou menor afastamento do currículo básico. Para que a atención sexa efectiva a coordinación do profesorado en canto á metodoloxía, espazos e tempos é fundamental.

## 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

Concrétanse no Plan de Atención á Diversidade do centro educativo.

Deste xeito teremos en conta as dificultades propias da materia así como as destrezas cognitivas implicadas na súa aprendizaxe, como son a memoria de traballo, os procesos de representación e a atención.

Neste sentido e dentro das medidas ordinarias de atención á diversidade, realizaremos os axustes metodolóxicos e organizativos necesarios para axustarnos aos distintos ritmos de traballo do alumnado, favorecendo tanto as actividades de reforzo como as de ampliación.

Por iso propoñemos: actividades de traballo cooperativo, estratexias socio-afectivas, utilización dunha linguaxe clara e comprensible, dispoñibilidade de actividades diversificadas (actividades distintas para desenvolver unha mesma capacidade, fichas adaptadas a cada nivel, ...), presentación de actividades que permitan distintos graos de realización (reforzo e ampliación), priorización de obxectivos, selección de diversas técnicas didácticas en función das capacidades dos alumnos, actividades de aprendizaxe variadas entre as que o profesor pode elixir e adaptar, e agrupamentos flexibles (planificaranse actividades de gran grupo, pequeno grupo e individuais). Actividades que faciliten a colaboración entre familia-escola.

Respecto as medidas extraordinarias, serán aplicadas ao alumnado con necesidade específica de reforzo educativo, carrexando todo un proceso de coordinación- cooperación entre titores e profesorado específico de apoio. Estes reforzos levaranse a cabo dentro da aula. O programa de reforzo educativo do alumno constará de:

- Estimación das necesidades educativas: especificarase as áreas nas que se leva a cabo o Reforzo Educativo e necesidades educativas básicas que se van a traballar.
- Toma de decisións: lugar, horario (día e hora), grupo, espazos.
- Mestres/as implicados.
- Gradación e secuenciación de contidos.

Con respecto aos alumnos que necesitan adaptación curricular, tomaranse as seguintes medidas:

Adaptación da programación. Trátase de actuacións concretas na programación que non afectan aos obxectivos nin aos criterios de avaliación, e si aos contidos: redución, selección, priorización, cambio de orde na secuenciación de contidos, engadir contidos novos, pospoñer contidos para o curso seguinte dentro da programación de ciclo...

Adaptación individual non significativa. Actuacións referidas a algún alumno en concreto, que supón unha planificación previa e que inclúe modificacións na forma de abordar o currículo: actividades específicas, estratexias metodolóxicas, materiais específicos...

Utilización de materiais diversos en función dos diferentes niveis do alumnado: diferentes libros de textos, programas multimedia, xogos didácticos...

## 11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

A **LOMCE** establece numerosas referencias aos valores significativos no sistema educativo. Más concretamente, no **art. 10 del RD. 126/2014** establece unha serie de elementos transversais que deben traballarse en todas as áreas:

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual e TIC
- Emprendemento

- Educación Cívica e Constitucional
- Educación ambiental.

Nesta programación estes contidos serán de tratamento transversal. Ests elementos deben estar presentes en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

## 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades complementarias propostas para este curso son as seguintes:

- Semana das emocións
- Semana das bibliotecas
- Samaín.
- Magosto
- Día da diabetes
- Thanksgiving
- Día dos Dereitos da Infancia
- Día Internacional da Non Violencia de xénero
- Semana das múltiples capacidades
- Nadal
- Día da paz
- Día Internacional da muller e a nena na ciencia.
- Día mundial da radio
- Entroido
- Semana da Prensa
- Día da muller traballadora
- Saint Patrick's Day
- Día da Auga+Poesía+árbore
- Semana da diversidade
- Semana do Día do Libro
- Día sobre rodas
- Día da Educación Física na rúa
- Día Contra o Acoso Escolares
- Semana da Diversidade Sexual
- Semana do Día das Letras Galegas
- Semana STEAM
- Día do Xogo Infantil
- Día do Medio Ambiente + Reciclaxe
- Excursión e festa de fin de curso (xuño).

### 13. MECANISMOS DE REVISIONS, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A avaliación non so debe afectar ao alumnado, senón tamén ao resto dos elementos implicados no proceso de ensino. Segundo os datos aportados pola avaliación continua, podemos incorporar información sobre a idoneidade dos distintos compoñentes da nosa programación.

A avaliación da programación podería presentar estes momentos:

- Comprobación que a planificación se fixo correctamente con todos os elementos curriculares incluídos.
- Reorientación se fose o caso, como consecuencia da súa aplicación na aula adecuándoa ao grupo-clase, introducindo as medidas de mellora que se consideren oportunas.
- Tras a aplicación total da programación, cando se teña unha mellor perspectiva, completárase coas avaliacións internas e externas do alumnado.